



## O corpo non é mercadoría. Escravidudes no século XXI

---

Antón Gómez González

Moi bo día a todas/os. Comezamos o XXXII Foro de Encrucillada. No Consello da revista decidimos reflexionar este ano sobre o corpo humano que é considerado e segue sendo utilizado como mercadoría e obxecto de escravitude.

Podemos pensar que a escravitude é cousa do pasado. Que non hai escravitudes, que só afectan a algúns *desclasados*. Isto non é certo, e os chamados *desclasados* non o son porque si, nin porque queren, nin porque non se esforcen. Son *desclasados* porque os marxinamos. Sono por causas alleas e porque na sociedade hai disfuncións e inxustizas, das que todos somos responsables.

Fagamos, pois, un exercicio de empatía, poñámonos no lugar dunha persoa obrigada a vender o seu corpo ou escravizada no seu traballo. Seremos capaces de sentirnos afectados e/ou responsables desas situacións? En teoría dicimos que todos somos iguais e irmáns, pero...

Experiencias deste tenor levaron a moitas persoas a unha conversión e uns compromisos que poden servirnos de exemplo. Eu quero lembrar a Vicente de Paúl, que foi quen de escoitar o mandato de Xesús, recollido por Mateo no 25, 37-39: «Señor, cando te vimos famento e che demos de comer; ou sedento e che demos de beber? Cando te vimos forasteiro e te acollemos; ou espido e te vestimos? Cando te vimos enfermo ou na cadea e te visitamos? O rei contesta-ralles: Asegúrovos que canto fixestes cun destes irmáns meus máis pequenos fixéstelo comigo».

No Foro XXXI estivo connosco Mons. Santiago Agrelo Martínez para falarnos da súa experiencia da fronteira. Fai só uns días, o día 12 de outubro, ás 13,44 horas, escribiu no seu *facebook* o seguinte:

*La política está haciendo un uso tan obsceno de las palabras que las está prostituyendo todas. El parlamento se ha transformado en un prostíbulo de las palabras.*

*Intentaré salvar aquí el pudor de las mías, y sólo diré que las devoluciones en caliente son una violación flagrante de derechos fundamentales de las personas, tanto más inicua cuanto menos los pobres pueden defenderse de los violadores. Diré también que, si los emigrantes no pueden acercarse a pedir asilo, porque Marruecos lo impide, habrá que añadir que, si Marruecos lo impide, es porque alguien paga para que lo impida*

*En la frontera de Ceuta hay seres humanos necesitados de todo, hostigados por todos, a los que incluso resulta ilegal prestarles ayuda, porque alguien –España?, Europa?– exige y paga para que sea ilegal la solidaridad. –Por favor, no mencionen la piedad, porque, si lo hacen, la prostituyen—<sup>1</sup>.*

Quero subliñar a última liña porque o ministro Zoido preguntábase «¿a *quién* no le da pena?» Non pode haber pena cando a UE ou a propia España pagan a Marruecos para impedir que os inmigrantes cheguen á fronteira.

Estaranse preguntando a que vén esta cita, á marxe de que faga referencia a unha das posibles escravitudes. Os prostíbulos das palabras son moitos... Non se escapa nin o mundo eclesial ou clerical, que tanto preocupa ao papa Francisco. Preocúpao a teoloxía, a catequese, certas relixiosidades e prácticas relixiosas inintelixibles para mentes formateadas na vida e coñecemento actuais que esixen novas formulacións, novas linguaxes, novas accións e compromisos sociais.

Hai políticos que utilizan formas e estruturas aparentemente relixiosas (medallas a unhas imaxes, os modelos de familia, até 'presiden' actos de culto...). Conseguir votos e maiorías absolutas

---

1 <https://www.facebook.com/agrelomartinez>

que lles permitan dominar e someter ao pobo con leis escravizantes feitas por eles e só aplicables ao resto dos cidadáns. Para eles todo é mercancía, economía. O seu sistema económico é a biblia absoluta e intocable. Estes políticos non se levan mal con certo clero co que non concorda Francisco.

O que realmente incomoda tamén a Agrelo son as políticas inhumanas que practican os nosos políticos e os da UE a quen nada menos que distinguiron estes días co Premio da Concordia da Princesa de Asturias. Evidentemente que a UE supuxo un avance na política ao servizo da economía. Ten elementos positivos. Pero dado que as súas políticas priman, exclusivamente, os resultados económicos, supoñen e levan a unha escravitude laboral e social que nada ten que ver co respecto aos dereitos humanos dos traballadores, dos inmigrantes, dos refuxiados, das prostitutas, da trata de nenos e nenas. Cantos nenos e nenas son obxecto de abusos de todo tipo? Que pasa coas investigacións iniciadas e nunca acabadas en Castellón, por exemplo? O torpedeo de certos procedementos, a falta de medios humanos e técnicos, unha xustiza, por iso, inxusta e clasista, contrasta coa rapidez e inmediatez dos procedementos que afectan positivamente aos poderosos ou ao poder establecido (Devolucións en quente, Catalunya).

Como cidadáns e cristiáns admitimos e toleramos todo isto. De feito referendámolo co noso voto ou abstención e co silencio cómplice. Como moito rezamos. Utilizamos a Deus para que faga o que nos toca facer a nós. Permitimos e toleramos políticas e comportamentos inxustos e inhumanos.

O que define un comportamento como realmente evanxélico, é o que sintetiza Mateo no capítulo 25 citado. As obras piadosas poden ser unha tapadeira para desvirtuar o que pide o Evanxeo. Este pide fraternidade eucarística e social, o compromiso político que debe nacer na celebración e da voz da conciencia. Pero no noso subconsciente está gravado a fogo aquilo de que a política é para os políticos, mellor dito, para certos políticos, os de sempre, os que acadan a beizón por asistir a certos actos de culto ou dispoñen de cartos para facer campañas de intoxicación.

Vou rematando. Pero teño que dar un salto no baleiro para entrar nun terreo esvaradío e prohibido, a nosa acción política, a dos cidadáns, a dos cristiáns. Cando votamos que é o que temos en conta? A tradición pseudo-relixiosa e aparentemente cristián dos idearios dos partidos? Os criterios ou principios de igualdade e respecto polos marxidados ou excluídos? Por quen entende a economía como medio para unha sociedade máis xusta e igualitaria, aínda que se declaren ateos ou simplemente laicos? Por quen condena o aborto ou o divorcio pero non fai absolutamente nada para que os mozos teñan unha educación humana integral, fondamente ética, solidaria, empática, ou para que, quen se atope ante un embarazo non desexado ou de difícil viabilidade, teña que decidir se aborta ou non, reciba as axudas humanas e económicas para que a súa decisión sexa máis asumible, menos traumática? Ou aínda seguimos pensando, porque no lo meteron a ferro, que votar a un partido de esquerdas ou laico vai conta a moral católica?

A miña resposta a estes interrogantes é doado intuíla. Optar polo mundo do traballo como cura obreiro fíxome tomar conciencia real e dura dese mundo inxusto. Cambioume absolutamente. Algo parecido parece que lle pasou a Mons. Agrelo. Nunha entrevista dixo o seguinte: *«Yo he votado siempre al PP... Cambié el voto en las últimas europeas, probablemente no volveré a votar PP, porque cambié mi conciencia sobre determinados problemas. Con relación a los inmigrantes, no se han dignado ni siquiera escuchar. Han actuado con prepotencia... Claro que si es mi voto solo... pero si son dos millones de votos... Yo quiero cambiar dos millones de conciencias, lo demás vendrá después»*<sup>2</sup>. E quen di o PP pode dicilo de calquera outro que asoballe os dereitos dos traballadores, dos pobres, das mulleres, dos nenos, que promove e/ou apoia guerras, que son todas inxustas, ou dita leis que non respectan os dereitos das minorías ou impón un sistema económico que mata. De todo isto somos responsables por acción ou omisión. A mensaxe de Francisco neste sentido non deixa dúbidas. Ten reiterado que o mellor estado é o laico.

---

2 <http://pazybien.es/yo-votaba-al-pp-pero-cambie-el-voto-en-las-ultimas-europeas-por-que-cambio-mi-conciencia/>

En fin, que se estamos hoxe aquí é porque nos preocupa a situación dos excluídos convertidos en mercadoría, en escravos. Eu propono: 1.º- un exercicio de empatía, de pórse no lugar do outro e tratar de intuír a súa situación e facela nosa. 2.º- escoitar a voz da conciencia, e 3.º- Actuar, comprometerse, política e socialmente. Non todos os políticos nin as súas políticas son iguais. Votemos e practiquemos as que mellor respecten os dereitos humanos, principalmente dos desfavorecidos, as que leven a unha maior igualdade e respecto. Non podemos votar a quen permite ou tolera o comercio humano, a escravitude, nin debemos permitilo.

Oxalá se multiplicaran os cambios de conciencia cos que soña Mons. Agrelo e polos que traballa Francisco e moitas persoas anónimas. Nestas democracias nas que só nos permiten votar para construír maiorías asoballadoras, pensamos algunha vez que o noso voto a favor de certas ideoloxías, aparentemente piadosas, pode ser totalmente contrario á mensaxe evanxélica coa que nós estamos comprometidos? O papa Francisco vén de dicir que «se o lucro prevalece como fin, a democracia tende a tornarse plutocracia, e medran as desigualdades e tamén a explotación do planeta<sup>3</sup>.»

Amigas e amigos, no programa tedes a orde do día e as actividades programadas. Déixovos coas relatoras, ás que agradecemos a súa presenza e dedicación.

**Antón Gómez González**

---

3 Audiencia na Pontificia Academia das Ciencias. *Vatican Insider*, 20-10-2017. (Plutocracia = sociedade controlada pola minoría máis rica e poderosa).